

O TEXTO E AS SÚAS PROPIEDADES

(resumo-recordatorio)

Un **texto** é un enunciado ou un conxunto de enunciados, enlazados de maneira coherente, que posúen sentido completo. O texto, xa sexa oral ou escrito, debe reunir **tres propiedades** básicas:

- **Adecuación:** Establece que calquera texto se debe **adaptar a** un **contexto** ou **situación comunicativa** determinada. A adecuación pódese establecer respecto do **contexto** (unha gráfica estatística resulta adecuada para un traballo matemático, mais resulta estraña no medio dunha novela) ou da **situación comunicativa** (expresarse nun rexistro coloquial na exposición dun traballo académico pode resultar moi inadecuado).
Xa que logo, o **texto** debe cumprir **dúas condicións**:
 - **Presentación.** Debe estar **distribuído** de maneira axeitada (disposición das marxes e dos parágrafos), empregar **recursos tipográficos** (letra grosa, cursiva...) e respectar a **normativa** (estándar lingüístico).
 - **Rexistro.** Un texto é adecuado se o seu rexistro (**formal** ou **informal**) se axusta á **situación comunicativa** en que se produce: a **canle** que emprega (oral ou escrita), o **destinatario** a que vai dirixido e a **intención** do emisor (persuadir, deleitar, informar, etcétera).
- **Coherencia:** É unha propiedade que **pon en relación** todos os elementos dun texto, dotándoo dun **significado global** que permite **entender a información**. Depende de dous factores:
 - Que resulte **adecuado**.
 - Que teña **unidade de sentido**. Os enunciados que o constitúen débense referir a **un mesmo tema**, e non saltar arbitrariamente dun asunto a outro. As ideas deben ser compatibles entre si, isto é, non se poden contradicir unhas a outras.

Para conseguir a **coherencia textual**, a información debe **organizarse** e **estruturarse** segundo unha orde. Nalgúns casos esa estrutura está determinada polo tipo de texto (por exemplo, unha carta consta de tres partes: encabezamento, corpo e remate; unha instancia consta dos apartados de EXPÓN e SOLICITA; un texto legal divídese en títulos, capítulos, seccións e artigos; un texto teatral divídese en actos, cadros e escenas...).

A **estruturación máis frecuente** é a que divide o texto en tres partes:

- **Introdución:** enunciado ou presentación do tema.
- **Corpo do escrito:** exposición detallada dos aspectos incluídos nese tema.
- **Conclusión.**

Sexa cal sexa esa estrutura, o texto está formado por **varios parágrafos** e cada parágrafo por varias oracións.

- **Cohesión:** Os **enunciados** que forman un **texto** preséntanse **conectados** ou **enlazados** (cohesionados) entre si mediante diferentes **procedementos lingüísticos**:
 - Os **conectores** ou **marcadores discursivos** son pezas lingüísticas que **enlazan** os **parágrafos** e as **oracións** dun texto, contribuíndo, así, para a súa **cohesión**.

TIPOS DE CONECTADORES		
Temporais	Ordenan as distintas accións ás que se alude nun texto.	<i>logo, despois, a seguir, por outra banda, así mesmo...</i>
Explicativos	Aclaran palabras, ideas ou expresións aparecidas con anterioridade.	<i>isto é, ou sexa, a saber, noutras palabras, por certo, en resumo...</i>
De orde	Indican as distintas partes nas que se organiza ou se distribúe o texto.	<i>en primeiro / segundo lugar; pola unha banda, pola outra...</i>
De contraste	Expresan a oposición entre dúas ideas ou ben matizan unha conclusión.	<i>en troques/ troca, pola contra, porén, non obstante, iso si...</i>
Aditivos	Engaden información, permitindo a dedución de conclusións.	<i>ademais, á parte, é máis, incluso / inclusive, máis aínda...</i>
De causa ou consecuencia	Establecen unha relación de causa-efecto entre dúas ideas sucesivas.	<i>(así) pois, entón, daquela, xa que logo, en consecuencia...</i>
De reforzo ou	Reforzan un argumento ou exemplifican	<i>en realidade, en rigor, de feito, a verdade, e</i>

concreción	unha parte do discurso.	<i>logo!, por exemplo...</i>
De contacto	Reforzan ou xustifican un razoamento e establecen a relación entre os falantes.	<i>ho, anda, oe, olla, non é?, non si?, entendes?</i>

- **Recorrencia.** No discurso, certos elementos remiten a outros, que resultan necesarios para a súa interpretación. Existen varios procedementos:
 - A **repetición de palabras** ou **substitución por sinónimos**: *O seu noivo era asturiano. Os pais do seu mozo, porén, eran galegos.*
 - O uso de **substantivos hiperónimos** (palabra que lle dá nome a un campo semántico): *Xacobe tiña moita paciencia. Outra das súas virtudes era a constancia.*
 - O uso de **pronomes persoais, posesivos** ou **demostrativos** que se refiren a substantivos aparecidos previamente: *Xoana e Xandra son actrices. Elas veñen de estrear unha película.*
- **Substitución:** Consiste na **colocación dun elemento en lugar doutro** ou doutros no texto, evitando a súa repetición: *Algúns pensan que os alimentos transxénicos son sans, mais eu non penso así.*
- **Elisión.** É a **omisión** dun elemento (palabra, sintagma, proposición ou enunciado), recuperable polo contexto: *Vai vir Alberte? Debería (vir Alberte).*

AS MODALIDADES TEXTUAIS

(resumo-recordatorio)

A NARRACIÓN

É un **texto** no que se conta unha **sucesión de acontecementos**. Se os feitos son **ficticios**, a **narración** é **literaria** (conto, novela, poema épico...); se son **reais**, é **non literaria** (noticia, biografía...).

Nunha narración pódense distinguir os seguintes **elementos**:

- **Narrador.** É a **voz** que **relata a historia**. Diferéncianse dous tipos:
 - **En 1ª persoa.** O relato cóntao xa o personaxe principal (**narrador protagonista**), xa un personaxe secundario (**narrador testemuña**).
 - **En 3ª persoa.** A historia non a refire personaxe ningún. É **omnisciente** cando coñece todos os detalles da acción e dos personaxes.
- **Argumento.** É a **serie de acontecementos** que configura a historia.
- **Personaxes.** Segundo a súa importancia, son **principais** ou **secundarios**.
- **Tempo.** A acción ambiéntase nunha **época** (a Idade Media, a actualidade, o futuro...) e ten unha **duración** (unha hora, dez días...).
- **Espazo.** O **lugar** onde se desenvolven os feitos pode ser **real** ou **imaxinario**, **urbano** ou **rural**, **aberto** ou **cerrado**...

A DESCRICIÓN

É un **texto** no que se di **como é algo** ou **alguén**.

Ao describirmos, reflectimos con palabras o que perciben os nosos sentidos (formas, cores, sons...), ou ben trazos que deducimos desas percepcións (por exemplo, o carácter dunha persoa a partir do seu xeito de falar).

Segundo a **realidade descrita**, establécense tres tipos de descrições:

- **Descrición de personaxes.** Pódese limitar aos **trazos físicos** da persoa descrita (**prosopografía**), reflectir a súa **forma de ser (etopea)** ou referirse tanto ao seu aspecto físico como á súa personalidade (**retrato**).
- **Descrición de lugares.** Céntrase nunha vila, nunha paisaxe, nunha cidade, nunha habitación... Recibe o nome de **topografía**.
- Descrición de **obxectos**, de **plantas**, ou de **animais**.

As descrições pódense clasificar tamén consonte á **actitude**, ao **punto de vista** ou á **intención do emisor**. Distínguense asemade, dúas clases:

- **Descrición científica.** O emisor ofrece unha **visión obxectiva** da realidade, sen incluír opinións ou valoracións, xa que a súa intención é **transmitir información**.
- **Descrición literaria.** O emisor presenta unha **visión subxectiva** da realidade, cunha **intención artística**. Dentro destas descrições podemos atoparnos coas **humorísticas** ou **irónicas**, cunha intencionalidade crítica e sutil.

O DIÁLOGO

É un **texto** no que dous ou máis **interlocutores intercambian mensaxes**, adoptando **alternativamente** os papeis de **emisor** e **receptor**. Os diálogos pódense agrupar nas seguintes modalidades:

- **Diálogos literarios.** Neles participan **personaxes ficticios**. Aparecen no **teatro**, nos textos pertencentes ao **xénero narrativo** e, con menor frecuencia, nos textos líricos.
- **Diálogos non literarios.** Pertencen a este grupo os seguintes tipos:
 - **Conversa.** **Intercambio comunicativo espontáneo** que manteñen, por medio de **intervencións curtas**, dous ou máis interlocutores. Os textos literarios adoitan incluír diálogos que tratan de imitar as conversas reais.
 - **Entrevista.** Diálogo, polo xeral **xornalístico**, no que unha persoa (a **entrevistadora**) lle formula preguntas a outra (a **entrevistada**) para obter desta última informacións ou opinións.
 - **Debate.** **Discusión** sobre un tema decidido previamente que se establece entre **varios interlocutores** con **opinións distintas**. Un **moderador** controla as **quendas de palabra**.

—**Tertulia.** Diálogo no que participan **interlocutores** máis ou menos **fixos** cun **interese común** (cinema, arte, política...).

Nos diálogos adoitan aparecer os seguintes trazos lingüísticos: Uso de **pronomes persoais**, **verbos** e **posesivos** de **segunda persoa**; abundancia de **oracións interrogativas** e **exhortativas**, e emprego de **vocativos** ou de **expresións** que **nomean explicitamente** o receptor.

A EXPOSICIÓN

Unha exposición é un **texto** cuxa **finalidade** é **informar** ou **proporcionarlle coñecementos** ao receptor sobre un **tema determinado**.

A través dun texto expositivo pódese **definir un concepto**, **explicar un proceso** ou **clasificar** un conxunto de obxectos ou de seres vivos.

Para **expoñer** unha información **hai que**:

- Definir ben o tema.
- Explicalo con claridade, concisión, precisión e sinxeleza.
- Presentar as ideas ordenadas con lóxica e coherencia. A información deberá distribuírse en parágrafos breves e ben diferenciados polo contido.
- Ter en conta o destinatario para adecuar a exposición ao seu nivel de coñecementos, intereses...

A **exposición** ten as seguintes **partes**:

- **Introdución** ou presentación do texto.
- **Desenvolvemento** ou explicación ordenada.
- **Conclusión** ou resumo.

Os textos expositivos (manuais, enciclopedias, dicionarios...) **non inclúen xuízos de valor** ou **opinións** do emisor. A **obxectividade** propia desta modalidade textual tradúcese nos seguintes trazos lingüísticos.

TRAZOS LINGÜÍSTICOS DOS TEXTOS EXPOSITIVOS	
Predominio da 3.ª persoa e do presente de indicativo con valor atemporal (presente gnómico)	<i>A intoxicación por toxinas ASP (Amnesic Shelfish Poison) <u>provoca</u> trastornos gastrointestinais que <u>aparecen</u> nas primeiras 24 h.</i>
Emprego de adxectivos cualificativos non valorativos.	<i>O ácido domoico, presente nas toxinas ASP, é un aminoácido <u>neuroexcitador</u> que actúa a nivel do hipocampo.</i>
Inclusión de datos e cifras.	<i>O límite máximo permitido pola normativa vixente é de <u>20 mg de ácido domoico / kg de vianda</u>.</i>

A ARGUMENTACIÓN

Unha **argumentación** é un **texto** en que se achegan **razóns** para xustificar unha **opinión**.

Nos textos argumentativos, o emisor pretende **convencer** ou **persuadir** o receptor da validez do seu **punto de vista**. As razóns que se aducen reciben o nome de argumentos; a opinión que se defende denomínase **tese**.

Ademais, unha argumentación consistente debe incluír a refutación dos **contraargumentos** ou argumentos que serven para apoiar a tese contraria.

Os textos argumentativos presentan a seguinte **estrutura**:

- **Tese** ou opinión cuxa validez se pretende defender. Pode ir encabezada por expresións como *na miña opinión, do meu punto de vista...*
- **Desenvolvemento** ou **corpo da argumentación**, en que se presentan as razóns ou os **argumentos** (datos, cifras, citas, citas de autores considerados unha autoridade na materia, exemplos, experiencias persoais) que serven para apoiar a tese. Cada argumento adoita ir introducido por un **marcador de orde** (*en primeiro / segundo lugar; por outra parte, por último...*).
- **Conclusión**, en que se volve enunciar a tese e se engade algunha idea adicional que se poida deducir dos argumentos. Pode ir encabezada por un **marcador de consecuencia** (*por tanto, así que...*).

MARCADORES DISCURSIVOS TEXTUAIS	
<i>Utilízanse para organizar e relacionar os elementos que compoñen os textos (secuencias, parágrafos ou enunciados).</i>	
USO	EXEMPLO
Introducir un tema	<i>En primeiro lugar, para comezar, primeiro de todo</i>
Iniciar un novo asunto	<i>A respecto de, canto a, en relación a, en relación con, no tocante a</i>
Esclarecer unha información	<i>Así, entón, isto é, ou sexa, por exemplo, por outras palabras, quere dicir</i>
Organizar o texto	<i>A seguir, en primeiro lugar, en seguida, en segundo lugar, en último lugar, por outra parte, por unha parte, por outro lado, por un lado, por último, seguidamente</i>
Opor ideas	<i>Á diferenza de, aínda que, a pesar de, no entanto, non obstante, polo contrario, porén, por oposición</i>
Recuperar información	<i>Como foi dito, como xa indicamos, como xa se dixo</i>
Incidir na mesma idea	<i>Alén diso, do mesmo modo, inclusive, tamén</i>
Indicar causa	<i>Así pois, por conseguinte, porque, por tanto</i>
Mostrar consecuencia	<i>En consecuencia, consecuentemente, por conseguinte, por tanto</i>
Sinalar finalidade	<i>Co obxectivo de, co propósito de</i>
Concluir e/ou resumir	<i>Así, en conclusión, en definitiva, en resumo, en síntese, en suma</i>

COMENTARIO CRÍTICO

ÁS VOLTAS COA COEDUCACIÓN

Desde que se implantou a Lei Xeral de Educación en 1970 e temos unha escola mixta, xeneralizouse a crenza de que o ensino xa era igual para alumnos e para alumnas: as mesmas materias, o mesmo profesorado, as mesmas aulas. Tamén hoxe a maioría do profesorado está convencido de que trata igual uns e outras. É isto coeducar?

A Coeducación non é un fin en si mesma senón que é un dos medios para chegar a unha sociedade máis igualitaria, máis xusta. Pero despois de tantos anos e de varias reformas vai resultar que seguimos impartindo clase en escolas mixtas pero non coeducadoras. O sistema escolar avanzou en dotarnos dunha igualdade formal, pero seguimos transmitindo un modelo sexista na escola.

Os libros de texto seguen carecendo de referentes femininos (escaso ou nulo número de mulleres nos manuais de Ciencias, Historia, Filosofía, Literatura...). A linguaxe utilizada nos centros escolares segue sendo discriminatoria e sexista (sala de profesores, reunións cos titores...). Aínda que o ensino é un sector feminizado os órganos de goberno dos centros escolares están maioritariamente en mans dos homes. Seguimos a reproducir estereotipos de xénero nas aulas, tanto na relación que mantemos co alumnado (distinta forma de dirixirnos a eles ou a elas; chamadas de atención, etc) como nos modelos que transmitimos (o profesor de Matemáticas, a profesora de Historia).

Algunhas das carencias do sistema escolar poderían solucionarse coa vontade da Administración educativa:

Coidar a edición dos libros de texto para que se incluíse mulleres como suxeitos activos e axentes na historia, nas ciencias, nas matemáticas.

Evitar o uso dunha linguaxe discriminatoria cara ás mulleres e potenciar unha linguaxe non sexista tanto nos libros de texto coma nos documentos oficiais.

Incluír no currículo escolar aquelas materias que por ser propias de mulleres desapareceron (labores do fogar, cociña) e que servirán para que os rapaces adquiran habilidades do ámbito doméstico.

Outras pertencen aos retos que hai que enfrontar na formación do profesorado. Xa é hora de que se poñan os medios para que ese profesorado que hoxe é transmisor de actitudes sexistas se transforme en axente de igualdade.

*Felicja Estévez
(348 palabras)*

1. Organización e estrutura do texto.

A coeducación é un dos medios para chegar a unha sociedade máis igualitaria, máis xusta. Partindo deste enunciado a autora expón a idea principal deste texto: malia os avances e progresos destes últimos anos en materia educativa, a escola segue a transmitir un modelo sexista na educación. A escola mixta por si soa non é garante de coeducación.

Para argumentar a súa idea principal baséase nos seguintes indicadores:

- Os libros de texto carecen de referentes femininos.
- A linguaxe utilizada nos centros escolares segue a ser sexista e discriminatoria.
- Os órganos de goberno dos centros escolares están maioritariamente en mans dos homes.
- Séguense a reproducir estereotipos de xénero nas aulas.

Ao final do texto propón as medidas que a Administración educativa debería tomar para contrarrestar os indicadores anteriores, destacando o papel que a formación do profesorado debe xogar para transformar o profesorado en axente de igualdade.

(149 palabras)

2. Resumo.

Dende a reforma educativa do 1970 xeneralizouse a escola mixta, pero iso non significa que esta sexa coeducadora. A coeducación non é un fin en si mesma, é un medio para chegarmos a unha sociedade máis igualitaria, máis xusta. Estamos ante un sistema educativo mixto, pero non coeducador. Malia que as materias, o profesorado, as aulas son as mesmas para os alumnos e para as alumnas, na escola seguimos transmitindo un modelo sexista.

Os libros de texto e a propia linguaxe empregada nas aulas segue a ser discriminatoria e sexista. A pesar de que o número de profesoras é xa superior ao de profesores, os órganos de goberno dos centros están ocupados maioritariamente por homes. Tamén se están a reproducir os estereotipos de xénero nas aulas nas relacións que se manteñen co alumnado e nos modelos que se transmiten.

A Administración educativa podería paliar esta situación coidando a edición dos libros de texto, usando e potenciando unha linguaxe non discriminatoria e non sexista cara ás mulleres e incluíndo nos currículos escolares competencias que tradicionalmente eran propias de mulleres para que todos e todas as adquiran como algo natural das persoas. Para implementar todas estas medidas a formación do profesorado é a peza clave xa que debe transformar o profesorado en axente de igualdade.

(213 palabras)

3. Tema

A escola non coeduca.

4. Comentario crítico.

Este texto de Felicia Estévez, publicado na revista galega de pensamento feminista “Andaina”, aborda un tema de candente actualidade: *é a escola coeducadora, ou pola contra segue a transmitir un modelo sexista?*

Do texto, ben estruturado e argumentado, despréndese a súa opinión ao respecto: malia os avances producidos na educación nestas últimas décadas; a pesar de que as alumnas e os alumnos asisten aos mesmos centros educativos, ás mesmas aulas, cos mesmos profesores e profesoras; aínda empregando os mesmos libros de texto e sendo os obxectivos da educación os mesmos para todos e todas, **o modelo educativo segue sendo discriminatorio coa muller.**

Para apoiar a súa percepción da realidade cotiá da escola emprega unha serie de indicadores e ofrece datos contrastados que salientan que a escola mixta non garante a coeducación, isto é, educar do mesmo xeito as persoas sen distinción de sexo, sen establecer diferenzas entre o masculino e o feminino. Estes indicadores son:

- A falta de referentes femininos nos manuais empregados nas distintas materias.
- A linguaxe utilizada nos centros escolares segue sendo discriminatória e sexista.
- Malia ser maioritaria a presenza da muller na docencia, a porcentaxe de mulleres que ocupan postos directivos é menor.
- O profesorado segue a reproducir estereotipos de xénero nas aulas, tratando de distinto xeito a alumnos e a alumnas e transmitindo distintos modelos para uns e outras.

As solucións que propón son lóxicas e derivan directamente da diagnose que elabora. Algúns aspectos son formalmente doados de conseguir. Considero ademais que nestes últimos anos a situación evolucionou moito de cara a conseguir estes obxectivos. As propias editoriais que elaboran os libros de texto están a coidar escrupulosamente a linguaxe utilizada, salientando o papel destacado das mulleres en todos os ámbitos, especialmente naqueles que tradicionalmente lles estaban vedados, como as ciencias e a tecnoloxía. Tamén se está a coidar a linguaxe empregada e a transmisión de modelos que poden ser ocupados por homes e mulleres, salientando a figura das médicas, avogadas, enxeñeiras, directivas e empresarias, que antes estaban ocupados a modo de exemplo por homes.

Pero debemos ter coidado xa que estes avances formais non acreditan un cambio. Creo que se foi un erro considerar que o establecemento dos centros educativos mixtos fan garantir a coeducación, tamén o é considerar que estes cambios formais mudarán a realidade e nos conducirán a unha escola que coeduca e que polo tanto estará a contribuír eficazmente no obxectivo final de lograr unha sociedade máis xusta e igualitaria. O cambio máis profundo e, polo tanto máis significativo, deberá producirse en cada un dos membros da sociedade en xeral e das comunidades educativas en particular.

A formación do profesorado é clave, pero tamén o é a responsabilidade das familias de “coeducar” nas casas, por exemplo na realización das tarefas chamadas “domésticas”. Un fillo, unha filla verán como algo natural que as tarefas de fogar son responsabilidade tanto dos homes como das mulleres, se o observan nas rutinas cotiás das súas casas. Os medios de comunicación de masas, as empresas que se dedican a cubrir o tempo de ocio e lecer da mocidade, as distintas administracións relacionadas coa infancia e xuventude, tamén deben operar un cambio de mentalidade importante e converterse, de igual xeito que o profesorado, en axentes de igualdade.

En definitiva, creo que o texto nos ofrece un panorama moderadamente pesimista en canto a que a escola segue a transmitir un modelo sexista, pero tamén moderadamente optimista xa que albisca posibles solucións (moitas delas xa se están producindo), aínda que a complexidade e as diferenzas sociais existentes dificulten o cambio de mentalidade de forma inmediata.

(599 palabras)